

UN EXEMPLO DE ACTIVIDADE DINAMIZADORA DUN SERVIZO DE NORMALIZACIÓN: O BOLETÍN UNIVERSITARIO “O CARTAFOL”

Susana Mayo Redondo

Isabel Vaquero Quintela

Arquivo de Planificación do Consello da Cultura Galega
Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

A dinamización ou animación sociocultural pódese definir como un método de intervención para que un grupo social definido mude as súas actitudes respecto á realidade sociocultural que o rodea e se implique nun proxecto de cambio desta.

A aplicación das técnicas de dinamización sociocultural no ámbito da planificación lingüística de linguas minorizadas como a nosa, ten un grande obxectivo xeral: fomentar o uso da lingua minorizada entre o pobo ó que pertence. Precisamente esta comunicación trata dun exemplo de aplicación nun sector concreto da sociedade galega: a Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O PROGRAMA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA USC

Para que as iniciativas normalizadoras teñan maiores posibilidades de éxito, cómpre que non sexan improvisadas: deben estar integradas e interrelacionadas nun programa global e responder a uns obxectivos. Nesa programación cómpre ter en conta os recursos de que se dispón, as necesidades existentes, e a rendibilidade de cara ó proceso de normalización lingüística. Estas consideracións sempre serán posteriores á análise da relación entre a lingua e o grupo social en que queremos influír.

A realidade sociolingüística da USC quedou debuxada en 1988 polos resultados do estudo *O galego na Universidade*¹, as conclusións máis importantes do cal son as seguintes:

1. En canto á lingua inicial, a USC reflicte a desigualdade sociocultural entre o galego e o castelán.
2. A maioría dos membros da USC séntense capaces de expresarse oralmente en galego e unha porcentaxe considerable tamén se sente quen de escribilo.
3. O uso do galego na USC é moi baixo e reflicte unha pauta diglósica. Xunto con razóns relativas ó dominio deficiente da lingua e á carencia de vocabulario especializado, aparecen outras como “non proceder pola natureza da materia”, “non está normalizado o seu uso”, “non demandalo o alumnado/o profesorado/o público” ou “non ser a miña lingua habitual”.
4. As boas actitudes cara ó galego en xeral, debuxan un modelo lingüístico para a USC de progresiva galeguización de tipo bilingüe con predominancia do galego.

A partir destes datos, o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da USC elaborou unha ambiciosa proposta de Programa de Normalización Lingüística, que foi aprobado en xaneiro de 1991 polo Claustro da Universidade de Santiago de Compostela. Este programa tiña dous obxectivos básicos:

“en primeiro lugar a extensión dos ámbitos nos que se emprega a lingua, e o incremento dos seus usuarios; en segundo lugar as actuacións sobre o propio corpo da lingua, a súa adaptación como instrumento idóneo para ser utilizado nos novos ámbitos que vai gañando.”

Como principal medio para a consecución de ámbolos obxectivos presentábase o SNL, que se organizaría en tres seccións, unha das cales se centraba na extensión do uso do galego, primeiro dos obxectivos principais. Como obxectivos concretos desta sección figuran: a programación e planificación da formación lingüística mediante cursos, o deseño de campañas normalizadoras e a edición dun folleto de periodicidade trimestral, que logo tomaría o nome de *O Cartafol*.

O CARTAFOL

1. Obxectivos e destinatarios

A difusión das actividades normalizadoras, do propio programa de normalización lingüística, das axudas, dos materiais lingüísticos (dicionarios, repertorios terminolóxicos, deseño de documentos, cursos, etc.) no interior da USC e no seu ámbito de influencia, constitúe en si mesma unha actuación normalizadora. Ademais de recorrer ós me-

¹ M. Rodríguez / M.S. López, *O galego na Universidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1988.

dios de comunicación en ocasións puntuais para difundir algunhas novas fóra da comunidade universitaria (como ocorreu coas campañas de sensibilización, por exemplo), contar cun medio de comunicación propio reflicte con maior énfase un compromiso asumido pola USC.

O Cartafol naceu en febreiro de 1992, como “Revista do Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela”, e baixo o lema “Toda persoa que defenda a súa lingua sen agredir a ninguén ten a razón da súa parte”. No Editorial daquel número 0 xa se facía explícita a súa vocación:

“O CARTAFOL nace co obxectivo de difundir información sobre a lingua, co fin de servir de nexo entre os membros da comunidade universitaria e a vontade normalizadora dos órganos de goberno, vontade que se materializa nas iniciativas e esforzos do Servicio de Normalización Lingüística”².

A este obxectivo xeral podemos subordinar os seguintes obxectivos concretos:

1. Divulgar aspectos da planificación lingüística realizada fóra da USC.
2. Divulgar aspectos da planificación lingüística e das iniciativas normalizadoras na USC, dende os seus niveis máis *altos* (órganos de goberno) ata os máis *baixos* (iniciativa individual).
3. Divulgar materiais lingüísticos que axuden a aumentar a competencia, a seguridade no uso do galego.
4. Amosar o conflito lingüístico latente, as contradicións que se producen na USC e na sociedade, para xerar actitudes positivas e incitar a tomar partido e romper coa indiferencia.
5. Fomentar a participación da comunidade universitaria no proceso de normalización lingüística.

Cómpre indicar que ó destinatario de *O Cartafol*, a comunidade universitaria, súmanse lle máis de cento cincuenta subscricións fóra da USC, sen contarmos cos envíos que se fan a outras universidades e servicios lingüísticos.

2. Actuacións: contidos

Respondendo ó grande obxectivo de difundir información sobre a lingua, o SNL da USC leva xa tirados trece números da revista, e en febreiro de 1997 cumpríranse cinco anos da súa existencia. Neste tempo *O Cartafol* foi paseniñamente aumentando o número das súas páxinas (das oito iniciais ás dezaseis actuais) e a súa tiraxe (de 3.500 a 5.000 exemplares).

Mais non só houbo cambios no que respecta á cantidade. *O Cartafol* tamén sufriu unha liña evolutiva nos seus contidos³, ó considerarse que algúns non respondían verdadeira-

² *O Cartafol* 0, febreiro 1992, p. 1.

³ En realidade, a necesidade de tirar o boletín (ese foi, verdadeiramente o primeiro grande obxectivo), deu paso á necesidade de concretar mellor os seus obxectivos, e, xa que logo, de adaptar a eles os contidos.

mente ó sentido do boletín. Así, a partir do número 4 eliminouse as colaboracións literarias e a sección “Letras”, que recollía citas dos nosos grandes intelectuais e creadores verbo do idioma. Pretendeuse desde aquela centrarse no mundo da normalización lingüística, e enraízala na sociedade actual e na Universidade en particular. Asemade, a clarificación da fochaxe afectoulle ó carácter das entrevistas, que pasan a centrarse na situación da lingua.

Por outra banda, e especialmente a partir do número 7, procurábase que algúns números presenten unha certa unidade temática. Houbo números dedicados ó léxico científico, ó mundo do dereito e a lexislación. Tamén se coida, na medida do posible, que as ilustracións humorísticas sexan alusivas ós temas tratados.

Finalmente, *O Cartafol* evolucionou no que é a potenciación da participación da comunidade universitaria, mediante a inserción de “Novas e anuncios”, a publicación de artigos e estudos realizados por universitarios, etc.

Con respecto ó deseño editorial, *O Cartafol* conta cunha serie de seccións fixas que describimos a seguir:

- “Editorial”, á parte de presentar os contidos da revista, a miúdo presenta iniciativas normalizadoras que se realizan –ou se estudia realizar– na USC: as axudas á investigación básica en galego, o regulamento de uso do galego na USC, a inclusión dun perfil lingüístico nas prazas de profesorado, etc.
- As seccións “Con lupa”, “Pasa a folla” e “¿Sabías que...?” subordínanse ó obxectivo de divulgar materiais de tipo lingüístico que potencien a seguridade no uso do idioma. Se “Con lupa” é un xogo para demostrar e aumentar os coñecementos sobre a nosa lingua, “Pasa a folla” son comentarios críticos sobre dicionarios, repertorios terminolóxicos, manuais, libros de exercicios, etc. que poidan contribuír a facilitar o uso do galego nas súas diversas variantes e tecnolectos. “¿Sabías que...?” está destinado a aclarar aquelas áreas da nosa lingua que presentan dúbidas, erros e incorreccións máis frecuentemente para os seus usuarios, segundo o que pode coñecer o SNL a través do seu quefacer cotián.
- En cada número de *O Cartafol* faise unha entrevista a un personaxe da comunidade universitaria (e xa houbo membros do profesorado, do alumnado e do PAS), ben na súa calidade de profesional (así, Antón Santamarina, como director dun proxecto lexicográfico, Modesto Aníbal Rodríguez Neira como sociolingüista, Jaume Vernet como especialista en dereito lingüístico, etc.), ben polo que representa de *exemplo* polo seu compromiso coa lingua e polas iniciativas que leva adiante: Daniel García Ramos no mundo do dereito, Xosé Masa, a Plataforma polo galego na informática, representantes dos alumnos na Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Historia, e tantos outros.
- “Novas e anuncios” presenta iniciativas que se desenvolven na USC, ben por conta da propia institución como tal (distribución de vocabularios, Regulamento de uso, axudas a teses, memorias de licenciatura e proxectos fin de carreira...), ben por conta de colectivos universitarios interesados no tema. A sección busca informar, mais tamén a participación en canto proxecto normalizador xurda.

- Finalmente, a “Revista de Prensa” e o “Arriba e abaixo”, seccións nutridas fundamentalmente do arquivo de prensa do SNL, desenmascaran o conflito lingüístico latente coa maior actualidade posible⁴, baixo o prisma da prensa galega, no primeiro caso, e baixo o do humor e a retranca, ou a sincera felicitación, no segundo.

O Cartafol pon, ó dispor dos membros da comunidade universitaria, información diversa sobre a nosa lingua, buscando o rigor e o respecto, mais esixindo sempre o respecto que a nosa lingua e os seus falantes merecen, e con humor, ó que contribúen poderosamente as ilustracións da man de autores de primeira fila, como Tokio, Siro, Xosé Lois “O Carrabouxo”, Xaquín Marín, Pinto&Chinto ou Gonzalo, xunto con outros máis novos e universitarios que se van incorporando.

A liña informativa de *O Cartafol* procura que a exposición da situación do galego se faga de xeito rigoroso, sen dramatismos innecesarios, e sempre poñendo a énfase nas actitudes positivas, na iniciativa individual e/ou colectiva, mais sen esquecer tampouco as altas responsabilidades que os órganos de goberno teñen encomendadas nesta materia.

3. Medios

Desde o principio pensouse que este sería un produto autenticamente universitario tamén tocante ós medios. *O Cartafol* é un boletín que se realiza sen grandes alardes, mesmo dun xeito case artesanal, mais aproveitando tódolos recursos que nos ofrece a propia Universidade. Os medios humanos e técnicos son da propia USC: por unha banda, os do Servizo de Normalización, para a elaboración dos contidos; por outra, os da Imprenta Universitaria para a maquetación e edición; por último, na distribución participan o Servizo de Correo Interno da USC e o SNL (encárgase de facer paquetes, ensobrar, etiquetar, etc.)⁵.

En canto ós recursos económicos, *O Cartafol* é unha das accións que entran no convenio de colaboración do SNL coa Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, segundo o cal ámbalas entidades asumen cadansúa metade dos custos. A cantidade que a *addenda* ó convenio para 1995 lle destinaba a *O Cartafol* era de 510.000 ptas. polos tres números anuais. Cómpre salientar que a revista se distribúe de balde, polo que este é o único recurso económico con que se conta para tódolos custos. Sen embargo, a partir deste vindeiro curso a USC correrá en exclusiva co importe de *O Cartafol*.

Entra nos nosos cálculos para un futuro próximo que *O Cartafol* se poida ler a través das páxinas do SNL no Web da Universidade⁶, para o cal cumprirá a inestimable axuda do Servizo de Comunicacions da USC.

⁴ Sempre se perde en actualidade. Primeiro, por ser unha publicación trimestral, e segundo, polo gran lapso de tempo que se produce ás veces entre a entrada do material na Imprenta e a saída dos exemplares, que se debe á gran carga de traballo que padece aquel servizo universitario.

⁵ A distribución nos centros realizase en proporción ó número de alumnos con que contan. Ademais, faise un envío a cada departamento e instituto universitarios e ás residencias de alumnos.

⁶ Desde a aparición do SNL en Internet, a través do servidor Web que mantén a Universidade, o Servizo é aínda máis coñecido, non só dentro da USC, senón en lugares tan afastados como Italia, Brasil, Inglaterra, Canadá, etc., desde onde chegan as súas mensaxes, consultas e peticións. Non se trata soamente dun xeito máis de darse a coñecer, senón tamén de achegarse a sectores e individuos ligados ás novas tecnoloxías e que non sentían interese ningún pola normalización lingüística universitaria.

4. Responsables

Cada número de *O Cartafol* iníciase cunha reunión do seu Consello Editorial, constituído por persoal do SNL; dela sae o proxecto do número e as encargas. Unha persoa coordina todo este traballo, así como o relacionado coa maquetación, edición e distribución. A ese coordinador correspóndelle un primeiro nivel de responsabilidade. O segundo nivel asúmelo o responsable técnico do SNL, que aproba e supervisa cada número que sae.

O SNL depende directamente dos órganos de goberno universitarios, e en concreto do equipo rectoral. Como ocorre coas restantes actuacións do SNL, nel reside o nivel de responsabilidade política sobre a revista.

5. Periodización

Ó principio pretendíase tirar catro números de *O Cartafol* por curso; mais a realidade encargouse de demostrar a imposibilidade de facelo cos medios con que contabamos. Deste xeito, dende o curso 93-94 saen tres números por curso, un por cada trimestre. Malia procurarmos axustarnos ós prazos, entendémolos como algo aproximado, pois a saída da revista depende de moitos factores: da carga interna de traballo no SNL ou na Imprenta, dos atrasos á hora de entregar encargas, etc.

6. Avaliación

Se lembramos cá é o obxectivo fundamental de *O Cartafol*, “difundir información sobre a lingua, co fin de servir de nexo entre os membros da comunidade universitaria e a vontade normalizadora dos órganos de goberno”, e cáles os obxectivos que se subordinaban a este, a consideración do SNL respecto á revista non pode ser máis que positiva, e non se trata dunha impresión gratuíta, senón que se fundamenta en indicadores tan obxectivos como os seguintes:

- Os exemplares distribuídos polos diversos centros universitarios esgótanse rapidamente en canto chegan, e trátase de algo máis de catro mil exemplares.
- A posibilidade de subscribirse á revista recibiu unha moi boa acollida, sobranceiramente entre alumnos que finalizan os seus estudos universitarios pero que queren seguir recibindo información sobre o proceso de normalización lingüística, entre alumnos das universidades da Coruña e Vigo, e mesmo entre os estudantes estranxeiros que pasan pola USC. Finalmente, hai subscritores que nada teñen que ver coa Universidade: individuos, colectivos, bibliotecas públicas, centros de ensino, academias privadas, etc.
- As frecuentes peticións de números anteriores para completar a colección.

Estes datos confirman un innegable interese pola revista. Pero é máis: podemos asegurar que existe un antes e un despois de *O Cartafol*; o boletín contribuíu poderosamente a romper o illamento do SNL con respecto á comunidade universitaria, e deuno a coñecer como principal instrumento técnico da planificación lingüística na USC⁷.

⁷ Non hai que esquecer que se trata dun servizo universitario creado poucos anos antes do nacemento de *O Cartafol*: en 1984 como Servizo de Traducción e en 1988 como propiamente Servizo de Normalización Lingüística.

- Sabemos que as seccións dedicadas á mellora da competencia lingüística teñen tamén moito éxito, especialmente entre persoas que acoden a cursos de lingua ou que estudian oposicións que inclúen exame de galego, ou mesmo entre estudantes de Filoloxía galega.
- Podemos dicir que a revista cumpre o seu cometido en canto divulgadora da política de normalización lingüística e das súas iniciativas: moitas das consultas ou pedimentos que recibe o SNL teñen a súa orixe na lectura de *O Cartafol*: preguntas sobre axudas á redacción de teses e tesíñas en galego, sobre vocabularios, sobre o Regulamento de uso do galego na USC, etc.
- Dende a saída de *O Cartafol* persoas e colectivos universitarios achegáronse ó SNL con intención de contactar e colaborar, o que dá probas do éxito da revista en canto ó seu obxectivo de fomentar a participación no proceso de normalización. A lectura de novas relacionadas con iniciativas levadas adiante na Universidade, como a entrevista á Comisión de Normalización da Facultade de Xeografía e Historia, ou o seu informe sobre o uso do galego no dita facultade, espertaron iniciativas semellantes noutros centros. Por outra banda, as chamadas desde a revista á colaboración na súa elaboración, están tendo eco entre alumnos con afección pola ilustración gráfica humorística, entre estudantes de xornalismo, etc.
- Indicador subxectivísimo resultan os comentarios que chegan ó Servizo, tanto por vía directa como indirecta. Amosar o conflito lingüístico latente, as contradicións que nesta materia se producen na USC e na sociedade, xera algunha que outra reacción negativa, mais moitísimas outras positivas. Sen dúbida –e tendo en conta ámbolos tipos de comentarios–, as seccións de *O Cartafol* que máis éxito teñen entre os seus lectores e lectoras son o “Arriba e abaixo” e as viñetas humorísticas, algunha das cales –sirva como anécdota– chegou a converterse nun popular chiste dentro e fóra da Universidade.

CODA

No proceso de normalización lingüística da USC non todo está xa inventado, nin esgotado. Á agarda dos resultados da enquisa sociolingüística que se está a realizar este mesmo ano na USC, para poder avaliar axeitadamente a política lingüística, gustaríanos facer dúas reflexións sobre actividades de planificación lingüística como é *O Cartafol*:

1. Ningunha actividade funciona illadamente, sen unha estratexia global que a apoie. É preciso clarificar as prioridades, pero sen desatender, de maneira proporcional necesidades colaterais. *O Cartafol* apoia, difundindo, as restantes actividades do SNL, ás cales tamén nutre e alimenta.

2. Ningún proxecto, por detallado e integrado que estea, conseguirá o éxito se non conecta coa realidade ou carece da necesaria autocrítica e do poder de rectificación. A avaliación e a análise levaron a *O Cartafol* a corrirse conforme a comunidade universitaria llo requiría. Trátase dun proceso de retroalimentación imprescindible para a dinamización da universidade galega e da súa lingua.